

## PRÁCTICA DE REACCIÓN QUÍMICAS

### A- REACCIÓN : (Cinc + Ácido clorhídrico → Cloruro de cinc + Hidróxeno)


- 1- Nun tubo de ensaio pon un anaco de cinc e engade uns mililitros de ácido clorhídrico **diluído**.
- 2- Noutro tubo de ensaio pon un anaco de cinc e engade uns mililitros de ácido clorhídrico **concentrado**

#### ACTIVIDADES:

- a) Escribe e axusta a reacción que tivo lugar.
- b) Describe o que observas que ocorre no tubo de ensaio. ¿De que son as burbullas que se desprenden?
- c) ¿Cal das dúas reaccións é máis rápida?. ¿Como afecta a concentración á velocidade dunha reacción química?.

### A- REACCIÓN DO NITRATO DE CHUMBO (II) CON IODURO DE POTASIO.

Nitrato de chumbo (II) + Ioduro de potasio → Nitrato de potasio + Ioduro de chumbo (II)



- 1- Nun vaso de precipitados dissolve un pouquiño de nitrato de chumbo (II).
- 2- Noutro vaso de precipitados dissolve un pouquiño de ioduro de potasio.
- 3- Bota o contido dun dos vasos de precipitados sobre o outro.

#### ACTIVIDADES

- a) Completa e axusta a ecuación química que está escrita arriba.
- b) ¿Cal é a cor que observas despois da reacción?. ¿Cal é o produto responsable desta cor?.

### B- DETERMINACIÓN DO pH DE VARIAS SUBSTANCIAS.

O papel indicador universal adquire distinta cor dependendo do valor do pH da substancia que se pon en contacto con el.

- 1- Para cada unha das substancias: introduce unha variña de vidro na substancia e impregna con ela un anaco de papel indicador que tes sobre un vidro de reloxo.
- 2- Observa a cor que adquiriu cada anaco de papel e compáralo coa escala patrón de cores. Completa a seguinte táboa

Substancia	Valor pH	Ácido/Base